

# A NOSA TERRA

BOLETÍN QUINCENAL

ANO VII — NÚMERO 195 — 1.º NADAL 1923

NO MOMENTO ACTUAL

## Como denantes, como sempre

Eu entendo que nos tempos que corremos deben de se aproveitar todol-os istantes.

A renovación dos procedimentos impuxo tamén unha renovación no sentir e nas ideas. Impuxo sobre todo un sacodimento, d'ese escepticismo que dominaba en moitos galegos; que non era outra cousa que un desleixamento suicida, senon unha preguiza, unha lacazanería noxenta de abúlicos ou de incapaces, e á nós cómprenos tamén secundar os abalos para contribuir á acordar, á facer rexurdir o espírito adormentado dos nosos irmáns.

En total-as rexións que constituen o Estado hespañol xurde unha voz que berra pedindo algo: reclamando atención e intereses para o que cada rexión precisa na súa personalidade, na súa vida.

Galicia ten tamén moito que pedir, moito que reclamar. A Irmandade da Fala, dende que se constituíu no ano 1916 ve nde cote aguilloando á todol-os galegos para que se non durmisen nunha época que debía ser de fecundidade, d'un camiñar rápido e constante cara ao progreso da nosa terra, conforme os acontecementos do mundo nos adprendían; e tamén de cote erguéu o seu berro baril proclamando a personalidade indiscutible da rexión galega e a necesidade que ten de que se lle atenda en canto precisa para o desenvolvemento da súa enorme riqueza, da súa vida presente e futura.

É indudable que o Goberno non pode atender á todo o Estado hespañol nin conocer os seus múltiples e diversos problemas; menos aínda o servir á uns sen magoar á outros, e ha ser cada rexión a que espoña as súas necesidades, ou, mellor aínda (este é o noso ideal) a que resolva os seus intereses vitais. D'ahí a comenencia da Mancomunidade rexional e a necesidade da autonomía.

Diferentes veces Galicia, como outras rexións, pediu a autonomía sen que hastra o d'agora se lle fixese caso; antes ao contrario sempre foi mirada esta lexítima aspiración súa con desprecio ou con burla. Agora os tempos son outros. A vida do país impuxo un cambio ausoluto da maneira de se rexir o Estado, e en todol-os cerebros sans d'algunha capacidade estudouse o mais comenente e viuse craramente a necesidade de conceder ás rexións certas ventaxas que lles permita orientar e desenrolar as súas actividades.

É, pois, un bon momento para que, non xa os que formamos as Irmandades da Fala que sempre a pedimos, senon cantos teñan o desexo de ver frorecente e rica a rexión galega, que non duvidamos sexan todol-os galegos, ergan o seu berro pedindo se nos conceda a autonomía.

É tamén un momento que debe de ser aproveitado para afincarnos no noso chan e dispoñernos á rexir os propios destinos con arreglo á xusticia, impedindo que mais tarde poideran novamente apoderarse da dirección pública na nosa terra todos aqueles que hoxe víronse forzados á abandonala.

Canto neste senso se faga será pouco, pois pol-as boas ou pol-as malas artes que teñen á súa disposición, en canto vexan a mais pequena oportunidade, os vellos caciques tratarán de se desquitaren d'este tranbullón que sufriron agora.

Pol-o demais, nós, como dennates, como sempre, seguiremos petando en todol-os corazóns galegos para que acudan á laborar pol-o engrandecemento de Galicia, que agora mais que nunca, por ser tempo de tomar posicións para se facer mais firme no futuro, precisa de todol-os seus fillos. A Patria necesita para se rexenerar da colaboración de todol-os homes de boa vontade, e os galegos por propia comenencia non deben hoxe deixar de contribuir co seu esforzo á se preparar un benestar, un glorioso alborecer, para o día de mañán.

E compre que lembremos á todos o estudo do libro que escribiu o noso irmán Luis Peña Novo sobre "La Mancomunidade Gallega", premiado no certame celebrado en Mondariz hai poucos meses, e que no momento actual pode ser base d'unha nova Galicia, á non ser que todol-os galegos teñan tan apodrecida a conciencia que prefiran quedar para sempre sumidos no sono eterno do seu indiferentismo ruín, hastra apodrecer de vez, roídos pol-os vermes que eles mesmos contribuíron á desenvolver co seu desleixamento.

LEANDRO CARRÉ.

## Todos rexionalistas

Realmente que tén moito de gracioso o que está sucedendo en toda Hespaña con respecto ao problema rexionalista dende que está no poder o Directorio militar. Agora todo o mundo é rexionalista.

Denantes do 13 de Setembro, somentes os partidos constituídos únicamente para defender as necesidades e os problemas dos diferentes e variados pobos que integran o Estado hespañol viñan traballando n'ese senso e mantendo sempre o problema en actualidade permanente. Estes partidos contaban sempre co'a oposición non somentes dos que entón mantiñan o poder nas súas mans senon tamén d'unha gran parte da opinión que chegou incluso á bautizar os ditos partidos con nomes que levaban aparelados unhas estridencias e uns extremismos aos que ao comenzo non quixeron chegar, pero que logo, a forza de tempo e co convencimento xá pleno de que a pesar de

total-as acraraciós que se fixeron aquel ambiente non desaparecía, houbo necesidade de adoitarmos algunhas veces xá por esa razón como pol-a de que a solución armoñosa víase cada día mais lonxana.

Ninguén mais que aqueles partidos falou nunca da persoalidade rexional nen de outras cousas con ela relacionadas. Todo o mais que facían era pedir aos Gobernos que fixeran o ferrocarril de tal parte a tal outra e demais cousas semellantes, pero esquencendo sempre que por enriba d'esas cativaces materiás existía un problema de aspecto espiritual mil e mil veces superior e de mais fonda importancia e transcendencia. Somentes en nome das rexiós hespañolas falaban os partidos creados para as defender e traballar pol-o seu adianto.

Moitas veces aqueles partidos dixerón que o único xeito de facer a arelada Hespaña grande, era atendendo ás necesidades rexionás e vigorizando as suas vidas n'un progreso forte e firme. E decían esto aténdose a unha realidade que non ademite dúbida cal é a de que Hespaña non é mais que un conxunto de pobos diferentes e que se as partes son floxas o conxunto non pode ter a consistencia debida e por tantos cobizada. Pois a estas manifestaciós xenerosas respondeuse casi sempre con un diluvio de incongruencias. Cantábanse hinos á Hespaña única e indivisíble e moitos talaron d'unha cruzada contra aqueles partidos para dar unha batida aos seus partidarios como se fosen cans doentes.

Decíase que atentaban á unidade nacional e que era perciso exterminial-os d'unha vez por revolucionarios e antipatriotas. Decíase que con aquelas campañas pretendíase dividir a Hespaña cando o pensamento primitivo era o de reconstruí-la con arreglo á sua estrutura. Se

Non é a miña intención censurar estes feitos, pero e había marcado e parcial intrés en desvirtual-as dándolles caracteres que non tiñan.

Chegou o 13 de Setembro e ao se facer cárrego do poder o Directorio militar dixo que se atendería ás rexiós e que se lles farían concesións para que poideran desenrollar a sua vida. Dende entón comenzaron a xurdir rexionalistas por todas partes e en todol-os pobos, aínda n'aquelles onde nunca víramos un movemento rexionalista, apareceron organismos e moitos particulares dirixíndose ao Directorio pedíndolle concesións para as suas terras. E aqueles que antes non podían ouvir falar de persoalidade rexional sen que se sentira agraviado o seu especial e interesado patriotismo falan d'ela agora como a cousa mais natural e inofensiva do mundo. ¡Ten gracia!

Aquí en Galicia, non podía ser d'outra maneira, sucedeu o mesmo que no resto de Hespaña e así vemos como en pouco tempo todol-os xornás, aínda aqueles como os garciprietistas, gassetistas, bugallistas e demais que antes tanto empeño demostraban en afogar as voces rexionás, veñen pedindo que se reconozca a persoalidade de Galicia e que se atendan as suas necesidás. E apareceron novos organismos como a "Hermandad Gallega" por exemplo, onde figuran homes procedentes das vellas e mais reaccionariás políticas.

E o "Instituto de Estudios Gallegos" da Cruña, creado por dous señores para dar satisfacción á sua nunca ben satifeita vanidade, cando ninguén lembrábase d'él e todos coidábase que morrera, apareceu tamén pedindo milloiras para Galicia.

Non é a miña intención censurar estes feitos, pero non podoo sustraerme ao desexo de os comentar e os poñer de releve.

Preguntábame algún que facíamos nós agora que non pedíamos nada. Nós xá temos pedido centos e centos de veces e ahí están os acordos das nosas asambleiras, todol-os manifestos que temos feito, as columnas dos nosos boletíns e as campañas realizadas. Deixade agora que pidan os novos rexionalistas.

E ogallá conquiran algo que por pouco que sexa sempre será algo mais do que temos.

Ollando o que está sucedendo eu quito, entre outras, a conclusión de que estamos asistindo ao trunfo do principio do noso pensamento. Isto para nós ten de ser satisfactorio ao ver como ao fin o tempo e moitos dos que nos combatiran veñen á nos dar a razón.

E agora seguíde pedindo dereitos e concesións para Galicia que somentes para ela viñemos nós pedindo tanto tempo, loitando ademais contra a vosa indiferencia e aínda contra a vosa mala intención.

Seguíde pedindo, pero non esquezades que antes de vós pediron outros, tendo en contra a vosa oposición. Seguíde pedindo e a ver se nas peticións que fagades tendes a mesma convicción e firmeza que tiveron os que pediron antes que vós. Permitídemme que o poña en dúbida.

Seguíde, seguíde pedindo e xá veremos o que vos conceden.

Ogallá conquirades mais do que conqueriron os que pediron primeiro que vós e a quenes tanto combatíchedes e inxuriáchedes por defender o que agora, a derradeira hora, queredes facernos ver que defendedes.

Seguíde, seguíde pedindo...

\* \* \*

Feito xá este artigo, asistín á conferencia do señor marqués de Figueiroa no Circo de Artesanos e tiven ocasión de ollar unha proba real do que mais arriba apunto. O tantas veces exdiputado pol-a Cruña merced ás oligarquías que o elixían pol-o artigo 29, o varias veces exministro e expresidente do Congreso, fixo unha conferencia en tonos tan formidablemente galeguistas, tan radical, como non tería nada que envexar a ningunha dada por un galeguista dos vellos, non dos de agora. O eixo d'ela foi integramente o programa das Irmandades da Fala é toda a labor espallada dende a sua fundación. Lêde a reseña dos xornás e ollade como se trocan os tempos.

E quizais mais interesante e dino de se ter en conta é a aitude de moitas persoas, moitos forzas vivas e antes homes de orden, que asistiron á conferencia e que ovacionaban calurosamente ao señor marqués, sobre todo nos párrafos mais fortes e de mais enxundia galeguista. E ha-

bía que ouvir os comentarios que ao final facían aqueles señores que antes chamaban arredistas a quenés en cusiós rexionás pedían algo máis que cousas de orde material.

Apertaban ao señor marqués frenéticamente como se o connotado maurista nos viñera a descubrir un novo mundo, cando o único que fixo foi decir o que antes dixeran outros.

Pero non fagamos máis comentarios, que hai cousas que se comentan solas. Tomemos nota dos feitos que, penso eu, son merescentes de non seren esquencidos.

VICTOR CASAS.

## ¡Galicia la calumniada!

Nun libro así titulado vemos esto:

...el precioso y evocador monumento a los héroes de Puente Sampayo, acaudillados por Morillo", que en 1809 derrotaron a los franceses invasores...

Al pie del soberbio pedestal, una garrida moza gallega, de piedra, que habla, apoya la mano izquierda en un escudo nacional, con la cabeza erguida y la diestra airosamente en alto, y se la oye decir con un grito imponente: "Todo por España!..."

Los que juegan a los fuegos fatuos allá por La Cruña, al tibio calor de "A Irmandade da Fala", bien podían dejarse de utopías, venir ante este monumento y hacer, rodilla en tierra, profesión de fe al verdadero y único nacionalismo posible: el de España."

Inda que tarde, é por máis que os tempos que corremos non permiten contestar como compre, non queremos deixar de dicir algunhas palabras respondendo a estes párrafos.

En primeiro lugar, cando gastados inutilmente homes e diñeira que como moitas outras rexións Galicia facilitara ao Goberno para combatir as tropas francesas, Hespaña foi invadida e domniada, Galicia cos seus únicos e reducidos recursos, pol-o valor dos seus, librouse en seis meses dos invasores. Entón os galegos pelearon por si mesmos, e ao se veren donos da sua terra e dos seus destinos, pouco despois, na célebre asamblea de Lugo, propúxose o se declarar libres e arredados d'un Estado que nada fixera pol-a sua independencia e progreso. Mais a proposición foi rechazada inda que pol-a diferencia d'un só voto.

E no tocante ao que di da "Irmandade da Fala", díremoslle:

Os galegos debémonos coidar de que se fagan camiños de ferro en Murcia?

De que se estabreza caixas de crédito agrícola en Cuenca?

De que se impongan fortes arancelés ao millo e centeo estraixeiros para favorecer aos trigueiros castelás, inda que se perxudique a nosa gandería?

Imonos preocupar, nunha verba, de canto non interesa á Galicia, ou debemos atender sempre e especialmente ás cousas que benefician á nosa terra?

Que Galicia sexa para os galegos o primeiro; que cada rexión faga o propio e daquela si, España será grande, próspera é rica.

¡Galicia la calumniada!

Precisamente por eso, pol-o calumniada e pol-o desconocida, e pol-o preterida que está a nosa terra creáronse as "Irmandades da Fala" para laborar por desfacer esas calumnias, e facer que o nome de Galicia resprandeza pol-os propios merecamentos.

E eso hase lograr pol-o noso amor e pol-o noso traballo máis que pol-os cursis artigos e libros de calquera estrano que por pasar catro días entre nós xa se cree capacitado para descubrírnos e xugarnos.

E. S. GALLEGO.

NA UNIVERSIDAD COMPOSTELA

## Seminario de Estudios Gallegos

Afecta á sección de Filosofía e Letras da Universidade de Santiago, creouse un Seminario de Estudos Gallegos, do que é presidente o noso distinto amigo e ilustre catedrático D. Armando Cotarelo Valledor.

Este Seminario promete ser un centro de gran importancia para o fomento e cultivo non sómente da literatura rexional senon tamén para as ciencias históricas e para o desenvolvemento da vida galega nun amplo orde cultural.

Na Cruña ven funcionando tamén un Instituto de Estudos Gallegos. Mais, francamente, parécenos que nen a sua orientación nen a intensificación do seu traballo fará gran cousa en ben de Galicia.

O de Santiago, sí; o de Santiago, ademais de estar presidido por un home cultísimo, de verdadeiro valer e fundamento galeguista, ten entre os seus socios de todas crases o máis frorido da mocidade galega que sinte arder no seu peito o amor ao ideal d'un glorioso rexurdimento da nosa Galicia.

E xa é sabido que a mocidade que ten aínda ante si un camiño que debe recorrer, para o que posúe toda a forza da sua xuventude e toda a ilusión do seu porvir indefinido e lonxano, pon toda a sua alma e todo o seu cerebro no desenvolvemento das suas gloriosas cobizas fecundadoras.

Por esto vemos satisfeitos, revertendo de ledicia o noso corazón, como a nosa mocidade estudantil axunta o froito do seu espírito nunha obra de unidade e grandeza, reveladora das luscentes labaredas que dentro de poucos anos escintilarán esplendorosas en Galicia, como sino d'unha maturidade gloriosa da nosa Terra.

Ogallá que en todas as cidades galegas se reunisen coa mesma fé e co mesmo ideal todol-os rapaces que valen algo para contribuir co seu esforzo ao adianto rápido da vida científica e artística da rexión, servindo tamén de estímulo e acicate para esa nosa Academia Gallega que tanto podía facer tamén.

## Lancha esquencida

Engalanada, no porto,  
Era a da palma, a primeira,  
Y-era a que avantaba sempre  
Contra ventos e mareas,  
Anque o vento refolease,  
Y-a mar estivese crecha;  
¡Entre os dous cabos n'había  
Lancha mellor nin mais feita.

Pro pasaron uns invernos,  
E leváronlle a maxeza  
Y-o comérselle a ferraxe,  
Y-o esgouzárselle as costelas,  
Y-o non gardal-as estopas  
Nas xuntas, todas abertas,  
Berárona; e nin estobos  
Lle deixano; e só lle queda  
Ir podrecendo, arrumbada,  
No areal, ao pé das penas,  
Sin amarras y-esquencida...  
Hastra que unha boga veña,  
Y-a esbandalle, e co ela arrample  
Sabe Dios pra que ribeira...

.....  
¡O que valeu e non val,  
Como se nunca valeral!

**Manuel Leiras Pulpeiro.**

---

A causa das reformas da imprenta, este número saíu tarde. Perdoade

---

\* \* \*

**O amor á Patria natal, por moitos eclipses que teña, é algo tan forte e fondo e verdadeiro como o amor dos pais e dos fillos; algo tan natural e lexítimo como o instinto de vida e o orgullo do nome e a voz do sangue; algo tan sagrado e de tan outo linaxe como o amor a Dios, porque amar a Patria é o amar todo e amarse tamén a sí mesmo.**

**RICARDO LEÓN.**

---

### Intereses Galegos

## A electrificación dos camiños de ferro

A electrificación dos camiños de ferro adianta rapidamente, tanto na América como na Europa, coa única diferenza de empregar n-algunhas nazóns a enerxía térmica e na mór parte das outras a enerxía hidráulica.

A prosperidade de Galicia, o porvir da nosa Terra, xira d'arredor d'unha boa rede de comunicacións que faga posibles os transportes de maneira doada e á pouco coste. Isto pódese abranguer establecendo camiños de ferro con tracción eléctrica aproveitando os saltos que abundan na rexión.

Se agardamos á que o Estado faga este o asunto tardará en

se resolver unha chea de anos e aínda poida dar que fracase. A única maneira práctica para realizalo é a creación d'unha gran *Compañía de Electrificación*, independente, que en poucos anos deixe ultimados os traballos.

Unha revista inglesa publica un artigo encol da electrificación dos camiños de ferro galegos e di: Para a electrificación da rexión galega, pódese tomar a forza do salto d'auga do Tambre, provincia da Cruña, (16. 000 HP de enerxía e 82 millóns de pesetas de presuposto) podéndose así electrificar os 748 kilómetros das liñas galegas.

Trátase do servizo d'unha rexión moi poboada, na que débense construír varios camiños de ferro secundarios para que axiña chegue á adequidade a importancia que lle corresponde.

Poideran tamén utilizarse outros saltos d'auga de menos importancia que o de Tambre, un d'eles preto de Ourense e outro cercán á Lugo.

Estuden pois este asunto os capitalistas e mais os inxenieros galegos. O tranvía de Sada debe servir de estímulo para o de Santiago. A comarca de Bergantiños precisa dispor de rápida e comente comunicación coa capital para o desenvolvemento da súa riqueza.

XAVIER FRAGA.

## O premio Nobel de Literatura

Foi concedido este ano ao gran escritor irlandés William B. Yeats. En Galicia non é desconocido o seu nome, pois démol-o a conocer os galeguistas con traducións publicadas en A NOSA TERRA e "Nós".

Yeats figura nas avanzadas do movemento redentor irlandés en cuio movemento ten tomado parte moi activa non sómentes co'a aportación d'unha literatura fortemente nacionalista senón tamén co seu traballo persoal.

É membro do "Dail Eireann", parlamento irlandés, e un crênte fervoroso da raza celta, pol-a que tén traballado moito, creando unha organización para o seu estudio e desenrolo.

Rexistramos con ledicia este feito que nos tén producido unha moi grande satisfacción pol-o que para os galegos, de orixe celta e crêntes tamén nas virtudes da nosa raza, significa ver honrado d'este xeito a un irmán

---

## Ricardo Carballal

O 16 de Novembro fixo un ano que a morte levounos a este querido irmán.

Carballal foi un dos que traballaron decote e sempre con fondo entusiasmo pol-o engrandecimento sin limitacións da nosa Galicia. Nas "Irmandades da Fala" foi un dos namorados do Ideal e por él traballou e loitou aínda nos derradeiros tempos da súa vida doente xá da doenza que o levou a acougar na Terra que tanto amou.

Nós, que tanto quixemos a Carballal, mentras con nosco loitaba pol-o abranguemento d'un fermoso porvir para a Nosa Terra, privados para sempre da súa querendosa compañía, réstanos sómentes unha recordación e veneración á súa lembranza que durará canto nós duremos. O nome de Carballal se non borrará endexamais do noso pensamento.

---

Fume vostede con papel

**NOROESTE**

# As conferencias do Circo

## A DE PORTELA VALLADARES

O día 1.º do pasado pronunciou no "Circo de Artesanos" unha fermosa e interesante conferencia o Sr. Portela Valladares. Versou sobre o tema "O pensamento de Gelmírez".

O Sr. Portela, que tén unhas moi boas cualidades de conferenciante, falou durante hora e media da enorme labor galeguista que o gran Gelmírez realizou no tempo, de groriosa lembranza para a nosa Terra, que rexiu a Eirexa compostelán.

Estudou fondamente a labor feita por Gelmírez e rematou decindo que é preciso que o espírito que animou ao sabio e patriota arcebispo rexurda novamente nos galegos para traballarmos todos xuntos pol-o progreso e adianto de Galicia.

O enorme público que asistiu á conferencia tributou ao Sr. Portela unha calurosa ovación ao remate da súa disertación interesante.

As moitas felicitacións que recibiu engadimos a nosa moi entusiasta.

## A DE BOUZA BREY

Das conferencias que encol da personalidade de Galicia véñense realizando na popular entidade cruñesa xusga-

mos como unha das mais interesantes das hasta agora celebradas a que pronunciou o sábado 17 o noso querido amigo D. Fermín Bouza Brey acerca do tema "Unha ollada xeral á cencia galega".

Bouza Brey é un dos rapaces de mais valer e de mais fonda cultura da brillante pléyade de homes novos que veñen laborando pol-o desenrolo da nosa cultura propia no momento actual. Figura como censor do Seminario de Estudos Galegos, creado na Universidade de Santiago e foi un dos seus mais entusiastas organizadores. A súa fermosa conferencia foi, como decimos, ademais d'un acto que xugamos de gran importancia, unha revelación do seu valer e dos seus moitos coñecimentos.

Xá os xornás da Cruña reseñáronna ampriamente e non imos nós facer mais que un lixeiro esquema da súa disertación. Comenzou cantando un hino patriótico á firme e ben demostrada personalidade de Galicia en todol-os aspectos. Falou da influencia que a nosa cultura e os galegos tiveron sempre na historia do mundo, contribuíndo en todo momento co seu saber ao seu adianto. Dividiu en tres épocas o apoxeo da nosa cultura. Os séculos terceiro e carto na primeira, na segunda o catorce, quince e parte do dazaseis e os fins do dazaoito e comenzos do dazanove na terceira. Estudou os grandes galegos nos tres tempos, dando a conocer unha gran lista de galegos ilustres casi desconocidos, falando tamén dos coñecidos como Prisciliano, San Dámaso, San Rosende, a Virxe Ethérea,

*Apalear.*—Dar paus, mallar, bourar.  
*Aparato.*—Aparato.  
*Aparcería.*—Parceiría.  
*Aparcero.*—Parceiro.  
*Aparear.*—Emparellar, aparellar.  
*Aparecer.*—Aparecer, atopar, xurdir.  
*Aparejô.*—Aparello.  
*Aparentar.*—Aparentar, finxir.  
*Aparición.*—Aparizón, visión, aparecemento.  
*Apartadero.*—Apartadoiro.  
*Apartar.*—Arredar, soparar, afastar, alongar, afuxentar, alonxar.  
*Apasionado.*—Apaixoado, namorado.  
*Apasionar.*—Apaixoar.  
*Apatía.*—Apatía, desleixamento.  
*Apático.*—Desleixado.  
*Apeadero.*—Apeadoiro.  
*Apear.*—Apear, baixar.  
*Apechugar.*—Apeitugar, apeitar.  
*Apedrear.*—Apedrar, apedrexar.  
*Apego.*—Apego, estima, querencia, lei, aprego.  
*Apelación.*—Apelazón.  
*Apelar.*—Apelar.  
*Apelmasar.*—Acalcar.  
*Apellidar.*—Apelidar, nomear, chamar.  
*Apellido.*—Apellido, nome.  
*Apercibir.*—Apercebir, aparellar, prevenir.  
*Apero.*—Trebello, ferramenta.  
*Apertura.*—Abertura.

*Andrógino.*—Andróxeno.  
*Anécdota.*—Anecdota, conto.  
*Anegar.*—Anegar, mergullar, asolagar.  
*Anejo.*—Anexo, xunto.  
*Anexar.*—Anexar, axuntar.  
*Anfitrión.*—Anfitrión.  
*Angel.*—Anxo, anxel.  
*Angelus.*—Anxelus, ave-marias.  
*Angina.*—Anxina.  
*Angosto.*—Estreito.  
*Anguila.*—Anguía.  
*Angulo.*—Angulo.  
*Angustia.*—Anguria, acoramento, aflición, irquedanza.  
*Agustioso.*—Acorante, aflitivo.  
*Anhelación.*—Acoramento.  
*Anhelar.*—Acuciar, cobizar, acorar.  
*Anhelo.*—Arela, acoro, cobiza.  
*Anidar.*—Aniñar.  
*Anilla.*—Anel, argola, zuncho.  
*Anillo.*—Anel, anelo.  
*Anima.*—Anima, alma.  
*Animado.*—Animado, valente, coraxudo, adivertido, arrufado.  
*Animal.*—Animal, besta.  
*Animalada.*—Bestada, falcatruada.  
*Animalucho.*—Bichoco.  
*Animar.*—Alentar, animar, encoraxar, adivertir, entear.

Xelmírez, Alonso de Fonseca, Diego de Peláez, Sarmiento, Feixóo e moitos mais que non lembramos. Demostrounos Bouza Brey unha erudición que non é corrente atopar en rapaces da súa idade, o cal demostra un estudo e un traballo intenso que meresceu calurosas gabanzas.

Rematou falando da necesidade de que Galicia volva a ocupar na historia da humanidade o posto honroso que moitas veces ocupou.

O numeroso público que asistiu ao acto apraudiu calurosamente ao culto conferenciante, cuido traballo deu a coñecer n'unhas cuartillas belamente escritas n'un galego escollido e delicado.

Reiteramos ao amigo Bouza a entusiasta felicitación, sinceira e calurosa que lle fixemos presente ao final da súa disertación que xugamos d'unha importancia e trascendencia fondas.

Fixo a presentación do conferenciante o noso bon amigo D. Anxel del Castillo, dando lectura a unhas fermosas e patrióticas cuartillas escritas en galego que a continuación publicamos, non o facendo como quixéramos de gran parte da conferencia, porque ésta, como as demais que se levan celebrado, serán impresas pol-a Sociedade de Artesanos.

Reciba tamén a nosa embora e o noso fondo agradecemento xa que a él principalmente débese a organización do fermoso acto galeguista que reseñamos.

As suas cuartillas din así:

Donas e señores: É pra min unha gran satisfacción e un gran honore, que por certas razoes fago lendo, o presentar esta noite ao meu querido amigo D. Fermín Bouza Brey, cultísimo censor do "Seminario de Estudios Gallegos" de Santiago, que él ideou; entidade que pol-a fonda labore que ven facendo, meresceu que fose acollida garimosamente pol-a Facultade de Filosofía e Letras da Universidade compostelán, e rexida pol-o seu vicerrector, noso admirado mestre D. Armando Cotarelo Valledor, a quen con este motivo ríndolle o noso saúdo respetoso.

No pensamento de esta directiva estivo sempre o poñel-a tribuna da popular e veterana "Reunión de Artesanos" á disposición de cantos pol-a súa voontade e talento quixeran facerlle a Galicia o servicio de se ocupare dos seus problemas, e de requerire a aqueles que pol-o seu valimento poidesen ocupala, pra dende ela decirlles ás xentes canto iñorasen ou mal comprendesen; sin reservala, somentés, pra ás nosas persoalidades, ás veces dormentes nos louros conqueridos, y-as que non lles abonda tan soo co as rayolas do prestixio; sin gardala, namais, pra as xentes que devécense por non deixar de vivire os tempos que fuxen, senón tamén pra a mocidade que voa xubilosa diante de aqueles que albexan xa nos nosos eidos, pra aqueles que adicanse ao coñecemento dos problemas que de vello latexan e que solucións novas agardan; pra aqueles que poñen a súa garrida mocidade ao servicio da

*Animero.*—Animeiro.

*Animo.*—Ánimo, coraxe, alento, corazón, callo, azos.

*Animosidad.*—Aborrecemento.

*Animoso.*—Valente, coraxudo.

*Aniñado.*—Coma un neno.

*Aniquilar.*—Aniquilar, desfacer, humillar, esnaquizar, derrubar.

*Anís.*—Anís.

*Aniversario.*—Aniversario, cabo de ano, día de anos.

*Ano.*—Cu.

*Anochecer.*—Anoitecer, estrelecer, entre luxo e fusco.

*Anónimo.*—Anónimo.

*Anormal.*—Anormal.

*Anotar.*—Anotar.

*Ansia.*—Arela, cobiza, desexo.

*Ansiar.*—Arelar, cobizar, acuciar, desexar.

*Antaño.*—Antano, outrora.

*Ante.*—Ante, diante.

*Anteayer.*—Antonte.

*Anteojos.*—Anteollo.

*Antepasado.*—Antepasado, derradeiro.

*Anterior.*—Anterior.

*Antes.*—Dinantes, mais cedo.

*Anticipar.*—Adiantar, atallar.

*Anticipo.*—Adiantamento.

*Anticuadao.*—Vello, antigado.

*Antigüedad.*—Antigüidade.

*Antiguo.*—Antigo, vello.

*Antipatía.*—Antipatía, xenreira, antexo.

*Antojar.*—Antollar, desexar, apetecer, cobizar.

*Antojo.*—Antollo, desexo.

*Antorcha.*—Fachuzo.

*Antro.*—Cova, furna.

*Antruejo.*—Antroido.

*Annual.*—Anual, do ano, anal.

*Anualidade.*—Anualidade.

*Anublar.*—Nublar, ennevoar.

*Anular.*—Anular.

*Anunciar.*—Anunciar.

*Anzuelo.*—Anzó.

*Añadir.*—Engadir, axuntar, mesturar, añedir.

*Añagaza.*—Anegaza, engano, argallada.

*Añascar.*—Apañar.

*Añejo.*—Vello.

*Año.*—Ano.

*Añoso.*—Vello.

*Aojar.*—Botar mal de ollo, abafar.

*Aovar.*—Poñer os ovos.

*Apacentar.*—Apastar.

*Apacible.*—Apacibre.

*Apaciguar.*—Acalmar, tranquilizar, acougar.

*Apadrinar.*—Apadriñar.

*Apagado.*—Apagado, morto.

*Apagar.*—Apagar, matar (o lume ou a lus), esvairse (a voz).

*Apagarse.*—Morrer, esvairse.

*Apalabrar.*—Apalabrar, falar.

causa da terra, e que debidamente capacitados pol-os coñecimentos conquistados bóntanse pol-os agros da nosa cultura, contribuíndo fundamentalmente ao rexurdimento da nosa querida Galicia: unha tribuna así, aberta e xenerosa, nunca pecha pra as verbas acesas no amore á terra, e pra os valores que non por novos deixan de sel-o, nin de merecere que os ergan onde o propio valimento os leve.

Eu, que teño concencia do que a miña terra traballa pol-o afinamento da súa persoalidade, e do moito que pra ela representan os esforzos da súa xuventude; que conozo ben canto vale e canto se debece por servila meu querido amigo Bouza Brey, un d'os rapaces mais sólidamente capacitados da nosa Terra, e dos mellor orientados, teño unha grande e fonda alegría en presentalo na nosa tribuna, y-en rendirle o aplauso garimoso que, como poeta, literato, artista e investigadore do noso pasado, merece de cantos agardan o rexurdir forte e varudo da terra galaica.

E ao darlle as grazas mais cumpridas, no nome de esta sociedade pol-a atención que con ela tivo de vir a dar a súa conferencia de esta noite, prégoille tamén que leve a seus compañeiros de Universidade o saúdo garimoso de nós, que temos pra cantos en ela son esperanza da terra os brazos y-o curazón sempre abertos.

O señor Bouza Brey ten a palabra.

#### A DO MARQUES DE FIGUEROA

Deuna o día 22 co tema "El resurgimiento literario y artístico en Galicia y sus consecuencias". Presentouno o Sr. Castillo con unhas elocuentísimas verbas rebosantes de sano e fervente galeguismo que o púbrico premiou con longos aplausos.

A conferencia do marqués de Figueroa foi como un "visto bueno", que co seu prestixio puxo a toda a autuación dos galeguistas n'estes derradeiros tempos. Falou da personalidade ben definida de Galicia, decindo que esta é unha realidade tan viva que xá ninguén dubida d'ela. Falou de Gelmírez, estudando lixeiramente a súa obra. Dixo que o século XII foi para Galicia de gran esplendor, pois a súa cultura grandiosa traspasou as fronteiras e viñan aquí xentes de todas partes a adquirila no propio chan. Foi entón que os galegos contribuíron enormemente á civilización mundial. Dixo tamén que sempre que Galicia desenrolou a súa propia cultura con todol-os seus valores sociás e características particulares foi tamén cando maior universalidade tivo a vida galega.

A maior localismo maior universalidade.

Fala da época gloriosa dos Cancioneiros e da cultura galaico portuguesa d'aquela época. Dí que é necesario voltar os ollos a Portugal, noso irmán de raza, para como n'aqueles tempos, desenrolar a nosa propia cultura e chegar a onde os destinos nos teñen desñados aos dous pobos da mesma raza. Ao falar d'os tempos anteriores aos Reis Católicos fai resaltar que o Miño non tiña entón o significado que tén na actualidade.

Falando do Portugal de hoxe cita a Teixeira de Pas-

coas e a Euxenio de Castro, decindo que non son en Galicia o coñecidos que deberan ser.

Con frase dura arremete contra o sistema centralista, decindo que tén a culpa da nosa decadencia. Dí que este sistema administrativo está xá mandado retirar por vello e antinatural e que se debe abrir paso ás iniciativas rexionás canto mais variadas e canto mais propias.

Recorda a importancia que o desenrolo da cultura tivo sempre no progreso dos pobos, e dí que co desenvolvemento da literatura e da arte galegas virá o desexado progreso de Galicia nas diferentes manifestacións da súa vida. Fala de Rosalía, de Pondal e de Carolina Michacis, a quen, di, non rendimos aínda o homenaxe que lle debemos.

Fáil resaltar a paradoxa de que ao se encarregar do poder os militares, que representan a forza do poder, fosen eles quen ofrecesen resolver o problema rexionalista, dando solución aos problemas dos difrentes pobos con personalidade ben acusada e definida. Falando d'esto, dixo que non abonda somentes con unha autonomía administrativa senon se han de facer tamén concesións de orde espiritual. Dixo que era necesaria a unión de todos sen marcar hasta onde se ha de chegar. O urxente é facer andar a Galicia pol-o seu propio paso sen se entreter en decir si vai andar moito ou pouco. A cuestión é que o despertar que se iniciou n'estos últimos tempos siga o seu curso e Galicia volva a ocupar os lugares que lle corresponden, como pobo definido, na civilización mundial, aportando a ela a súa cultura propia e característica como nos tempos en que ela mesma rexía a súa propia vida.

Esta foi en síntesis a interesantísima e galeguista conferencia do marqués de Figueroa.

Como non se ocultará aos nosos lectores, toda ela parece baseada nas orientacións marcadas por nós en toda a nosa autuación. De ahí a nosa íntima satisfacción ao ver refrexados os nosos puntos de vista en cuestión galeguista por quen hasta agora apareceu completamente distanciado de nós. Celebramos fundamentalmente a coincidencia que nos fai afirmar mais no que estábamos ao ver craramente manifestada a razón que nos asistía.

O numeroso púbrico que asistiu ao acto apraudiu calurosamente ao ilustre conferenciante, que recibiu moitas felicitacións. Enviámoslle a nosa moi cordial e de veras lamentamos non o poder facer antes de agora que as circunstancias obrigaron a moitos a decir cousas que antes tiñan bon cuidado de ocultar, pois somentes, decían eles, os tolos podían sustentalas. Cada día estamos mis orgullosos da nosa tolería e mais aínda vendo o mal parados que están saíndo os cordos. E ben certo que os tempos fan cambiar moito as cousas. De todas maneiras, é de celebrar pol-os beneficios que pode reportar para a nosa Galicia.

**Papel de fumar**

**N O R O E S T E**

## Os nosos Certames literarios

## Obras dramáticas

## OBRAS RECIBIDAS

Finado o prazo de admisión para a presentación de obras dramáticas, damos a continuación a lista das recibidas, que como se ve son moitas; e inda que non todas son tan boas como quixéramos, e aínda hai algunhas malas, tan malas que aconsellamos aos seus autores que antes de se poñer á escribir para o teatro deben estudar o que o teatro é, cousa que iñoran, hainas tamén tan ben trazadas, c'unhas condicións tan escelentes para triunfar que revelan en quenés as escribiron cobiza de grandeza arística para a nosa Terra e cobiza de gloria para si, cousas que están perfectamente d'acordo coa nosa maneira de pensar ao abrir o concurso, e que nos alenta para organizar outro mais no próximo ano. O Teatro Galego progresa, e os escritores rexionales vanse decatando de que a nosa Literatura pode ser tan grande como as mais grandes cando o espírito que os anima é algo superior ás argalladas ridículas e grotescas que conciben algúns.

As obras recibidas son:

- O Gorioso. Lema, Hucha das lembranzas.
- Lenda tráxica. Lema, Agoiro.
- Marica-Antona. Lema, Agraria.
- O Dolmen. Lema, Celta.
- Ao luar. Lema, Terra.
- Xan Cazolas. Lema, Para min é o premeo.
- Volve por outra. Lema, O que val, val.
- Xaquina. Lema, Probiño.
- Amor serodio. Lema, Compos sui.
- Os Himandiños. Lema, Estrelíña.
- Sapos e cobras. Lema, Malmequer.
- Un morto que trai a vida. Lema, Lengua a nosa.

## POR COMPRACER A ALGUNS

No próximo número publicaremos o fallo do Xurado e o nome do autor premiado coas 250 pesetas, así como os títulos das obras que poden ser representadas pol-a Escola Dramática Galega se os seus autores dan autorización para elo..

## POR COMPRACER A ALGUNS

Ténsenos pedido que apracemos hasta fin de ano a admisión de obras. Non quixéramos prorrogala, mais desexando compracer aos rezagados e agardando que as obras que cheguen aínda han valer a pena do adiamento, e xa que por outra parte non podemos publicar o fallo do Xurado hastra o noso número de Xaneiro, admitiremos o envío de obras hastra o día 31 de Nadal.

## CONCURSO DE CONTOS

Como dixemos no noso número anterior, abrimos un concurso de contos escritos en galego.

Os contos que se nos envíen, firmados, e que a xuício do noso Consello de Redacción o merezan, serán publicados en A NOSA TERRA.

No mes de Santiago do próximo ano, ou se se presentaran moitos, en Nadal, farase a votación, na que poderán tomar parte todol-os lētores.

O conto que outeña mais votos será publicado nunha edición especial e ao seu autor regalaremoslle un número determinado de exemplares.

## AS NOSAS CONFERENCIAS

Novamente, como todol-os anos, encomenzaron á se celebrar conferencias culturais e de divulgación no local da Irmandade, que, como sempre, estará aberto para o púbri-

O día 30 tivo lugar a primeira, falando o distinto escritor D. Galo Salinas sobre "O idioma e literatura rexionales relacionados co teatro galego".

No próximo número falaremos d'ela. co nestes actos de espallamento da nosa ciencia e da nosa arte, para que cantos o desexen poidan asistir á eles.

Con saísaición acolleremos entre nós á cantos á nós se acheguen levados do interés ou simplemente da curiosidade.

## En poucas verbas

"Desconfiade dos que queiran camiñar moi de presa. Os que queren camiñar de presa son os de temperamento político".

"Con eses "redutores" e "apóstoles" que suplantán o caciquismo individual pol-o caciquismo sindicado, que atraí os labregos, francamente nós non podemos aliarnos".

Estas son verbas de un "apóstol" na revista *A Terra* de Bós Aires.

O "apóstol" de referencia presentouse xa nunhas eleccións, inda que sen conquistar o posto que cobizaba no concello da Capital de Galicia. Agora anda predicando política agraria...

Haibos cousas, que nin que o díaño as amañe.

\* \* \*

Leímos nun xornal da Cruña que se chama "La Voz de Galicia" (xa dí Lugris na súa comedia *O Pazo* que todal-as cousas teñen os nomes trocados).

"Hoy salen para Orense el marqués de Quintanar y el conde de Castelo, quienes, según se nos participa, recorren la región gallega para constituir una "Hermandad"—ajena a la "Irmandade", sin hache, que ya existe—encargada de despertar el espíritu ciudadano para laborar por Galicia".

¡Vaites, vaites...! E para laborar por Galicia fan unha *Hermandad* castellana e pretenden ¡coitados! poñerse en contra dos que, como galegos, e pol-o tanto en galego, adicámonos á chamar no corazón dos nosos irmans para que co pensamento e amor postos en Galicia a dinifiquen e soergan.

¡Vaites, vaites...! Os antigos políticos metidos agora a rexionalistas, querendose aproveitar do camiño que nos viñemos abrindo no terreo baldío do deleixamento, para poderen pasar trunfantes e fachendosos a coller lauros que lles non pertencen.

E hasta pretenden aproveitarse do prestixio do noso nome de santa Irmandade: mais puxérona con hache... ¡nótase moito a mistificación!

\* \* \*

O Sr. Vázquez Enriquez foi repostado no seu lugar de Diputado Provincial.

En vista d'esto, todol-os demais que votaron o acordo caciquil incapacitando e que teñen menos dereito que él a ocuparen o posto na Diputación, debían de se retirar envergoñados.

Pero ¡ca! inda que a súa labor sexa nula, ou peor aínda contraproducente, seguirán todos apegados como lapas aos sillós.

Fan ben, así, dentro de pouco teremos o gusto de barrelog d'alí como cousa noxenta que debe ir para a morea do estrume.

¡Qué e para o único que poden servir!

## LECTURAS

*Catálogo de La Coruña.*—Temos ollado este catálogo que o noso distinto amigo D. José Cao Moure acaba de imprimir agora. Faláramos xa do de Vigo, que nos produxo unha impresión agradabilísima, e agora, vendo o da Cruña, aquela impresión vese notablemente agrandada. Todol-os xornás, sin ningunha excepción, gabábanos calurosamente e realmente que nunca os adxetivos de loubanza foron tan ben empregados como no caso presente. Pepe Cao revela n'este novo traballo un gusto artístico verdadeiramente formidabile. O mesmo na impresión do album que



é precioso, que na distribución dos traballos e no escollimento das fotografías que n'él figuran. Todas son novas e arrédanse en todo das que hasta agora había feitas e que sempre víamos reproducidas en esta clase de traballos como se non se poidesen facer outras e millores. Pepe Cao ven a demostralo de xeito admirabile.

O catálogo da Cruña, ao mesmo tempo que honra e da groria ao seu entusiasta editor, honra tamén á nosa Terra por contarmos xá con un artista como Pepe Cao, que consideramos inimitable.

Moita é a ledicia que nos tén producido a vista do album e enviamos ao seu editor un aprauso caluroso e unha felicitación entusiasta e sincera, desexándolle moitos loureiros e moitos entusiasmos para continuar na súa obra tan artística e tamén tan galega.

Pepe Cao anuncia un novo album que titula "Relicario Celta", que cobizamos ver feito axiña e dende logo aseguramos que haberá de ser da maneira maxistral a que él nos ten afeitos.

*A Aquia*.—Porto. Revista de literatura, arte, ciencia, filosofía e crítica social.

O sumario dos números 15 e 16 é como sempre de grande importancia. Firman os notabres traballos en prosa nomes tan prestixiosos como Raul Brandão, Vila-Moura, Pedro Vitorino, Pina de Moraes, Mendes Correia; e no verso figuran poesías de Augusto Gil, Alves Martins, Barata da Rocha, Angelo Ribeiro. Pubrica tamén unhas notas bibliográficas.

*Revista de Guimarães*.—Guimaraes.

O volume XXXIII d'esta revisat orgao da Sociedade Martins Sarmento é adicada á estudos de investigación, é interesantísimo.

*Porto Académico*.—Porto. Revista da Asociación dos estudantes.

Novamente, ao se iniciar o curso voltou a nos visitar esta revista para nós tan estimada pol-o que ten de esperanzas alentadoras para o porvir do pobo irmán, e pol-a confraternización que afincá mais e mais entre os mozos de aquen e alén Miño.

*Galicia*.—Vigo. Diario.

Este importante rotativo vigués cada día busca algunha ventaxa mais que ofrecer aos seus numerosos lectores. Agora ven publicando uns "Domingos Literarios", con escolleita colaboración, que son un trunfo mais. Nestas páxinas de arte e literatura figuran dinamente as letras galegas, e temos a esperanza de que pouco á pouco irase galeguizando mais, como compre a un diario que ostenta por título o nome de Galicia.

Outras revistas e xornaes da rexión, de fora e do estranxeiro seguímolos recibindo con interés.

### Contos da Terra

# NUBE...

Despois de un inverno de constantes chuvias, un manto de tristura espallouse por riba de Campolongo...

As neves da montana branquexaran sinistras toda a invernia diante a vista adusta dos labregos, e os vellos mais vellos non lembraran outro tal ano; lembraban vraus de longas sequías, mais daquela tiñan o consolo d'iren en rogativas pol-os camiños asoleados pedindo chuvias; no inverno non podían ir pol-as lameiras das veredas pedindo sol. Ademais maxinaban que o sol está tral-as nubes cincentas e sólo racharen éstas ou un vento da serra abonda pra que alumee resprandecente. E por eso as suas almas crédulas e resinadas agardan con paciencia o sol

e confían, con pregos e con rezos, na aparición da nube dourada, aló no hourizonte, que ha de ser presa da y'auga, boa colleita e fardura.

Dendes do interior das suas casas ventaron o mal ano. Algús, sin embargo, tiñan unha esperanza, e era a de que poidera dar que na primavera, cando os broches novos, un tempo de regalía viñera reverdecelos.

Mais non foi así. A campia engalanouse con próbes córes e os caniños comenaron a enxoitarse, quedando nas suas beiras as rilleiras moles feitas pol-as rodas dos carros e algunha que outra, ferradura prateada. As terras húmedas apodreceron as raíces. A y-auga que baixou da montaña devastou as hortas e confundiu as veredas que separan unha leira de outra, e o sol, tan fallo e esquivo no inverno, luscio día por día, queimando a terra con impracable tenacidade; así, correndo os meses, chegaba o de nosa señora.

O mainzo, deitado e cativo: as parras sen vagos, e sen dar sorna; os castiñeiros sen un mal erizo, eran a causa que imprimía aquela tristura ao lugar de Campolongo, e hasta os carros carregados de leña que descían do monte somellaba que aquel ano chiaban mais tristeiramente os seus eixos, e ao cruzal os camiños, uníase a seu queixume infindo o son agreste das cigarras.

Unha noite, reunidos na taberna de Maripepa a *Santiña* un fato de labregos falaban das colleitas. Cansos de se queixar do tempo, finxían ledicias e falaban d'outras épocas e outros anos de fartura, e os vellos, coa sua voz de lénda, contaban como unhas vacas, todas elas lucidas, de pelo albazán e de ubre chea, pacían nos campos que a chuvia abría en églogas. Dos hórreos e sobrados acubulados hasta estoupar: e outros espriocaban só seu silencio a historia antiga, probe e escura do seu vivir.

Agora todo era miseria e desolación. Non podían apenas pagalas rendas, e bon era que os aforros agachados entre as roupas recedentes abondasen pra lles facer pasalo inverno que se aveciñaba, sen que nas artesas faltase o pan mouro e nas la-reiras lume para os corpos aterecidos.

—Se pagamol-a renda ¿cómo imos vivir?— marmulou con acedume un labrego.

Un silencio vago correu pol-a adega. Na boca montaraz d'outro dibuxouse unha sorisa, e, dirixiéndose ao que fixera a pregunta, dixo:

—Paréceme que este ano non vai poder ser ¿Qué morra se a eu pago!

Esta revelación fixo xermolar en todos a idea de facelo mesmo. Primeiro vagamente, despois con altivez, pois eles honrados e traballadores, que agardaban do tempo e mais da terra os bés, non podían atender os seus tributos se aquela non daba pra eles.

Despois de todo—dicían—don Ambrosio ten as huchas cheas Pol-as rendixas do seu hórreo endexamais vese o sol. A él pouco se lle da que haxa sequías ou chuvias: de todas sortes cobraba. Era un cuco como moitos lle chamaban, con cuia cuquería, adprendida en moitos anos d'arrendador de terreos, lograva que todos pagaran puntualmente.

—¡D. Ambrosio é un ruin—marmulou un vello sen s'atrever a erguel-a voz—A min retiroume as terras porque a miña vaca mordisquaba nas silveiras da súa horta viciña.

—Eu non lle perdoo un pago que me fixo perder—añadiu outro.—Quitoume a y-auga no mellor do regadío, unha noite de luar...

E o da boca montaraz, con mais altivez e gallardía nas suas verbas añadiu:

¿Parecévos ben que na mentres nos doíamos do tempo él fora co'a sua carabina en busca de perdeses con que regalarse? Mais valira que s'adicara a xogar a "brisca" co señor Abade. ¡Ben sabe Dios que non e adrede! Pero o que e eu, este ano non lle pago a renda.

Unha atmósfera hostil manifestouse contra don Ambrosio o viño enardeceu os ánimos d'aqueles labregos, e despois de moito deliberar, acordaron iren ao seguinte día en comisió pra llespoñer a o dono dos terreos os seus propósitos den non pagar aquel ano as rendas debido a que as terras, queimadas cruelmente, non donaban o preciso pra viviren.

D. Ambrosio enterouse moi cedo de todo. Unha gargallada foi o seu comentario. Conocía ben os labregos de Campolongo. Sabía que son incapaces d'unha mala aición cando a premeditan e por eso agardounos acougado e sorrindo.

Chegron a sua casa a caída do sol. Eran coase todol-os viciños do lugar. Penetraron no largo patio, qu'encheron co'as suas voces, das que se desprendía un vaho d'indinación. Flotaba así como un arrebato rualleiro, coma un desacougante desquite. Non era o eco ordinario da sua vida o que os guiaba e que os fixera dormentar sumisos á vixilancia impracabre do costume. Nas parcelas das suas almas rústicas frorescían sentimentos coleitivos, e así como na aldea apacibre e na montaña viscosa o nubrado embocea os seus deluvios para que corra bruando pol-os, pedregás así tamén sentían unha efusión cordial que aguilloaba os seus impetus.

Do medio d'eles destacouse un fato que, comisionado pol-os outros, había ser o portavoz das suas pretensións, á todo iban dispostos. Os que quedaban no patio subirían se for preciso ao primeiro aviso.

Don Ambrosio, sen desprezar un sorriso irónico dos seus beizos, mandoulles pasar á ampla cocíña. Nas suas verbas había unha extremada amabilidade.

—Qué traedes por aquí, ho. Vides en boa hora... Sentádevos. Non vos agardaba ¡caray!... Oe Rosario—dixo á unha criada moza—sube viño. Botaredes un groulo ¡Qué díaño, esta vida e así!

Os labregos sentáronse d'arredor d'unha táboa e beforon nas cuncas que a moza lles ofrecía. Don Ambrosio ouserváboos atento, e eles acorbadados sen s'estrever á dar fala, ollábanse e facíanse acenos que apenas entendían.

—Pois, don Ambrosio—estrevéuse á dicir un—: voume a espricar. Vosté sabe moi ben que os tempos están levados do demo. As vacas apenas teñen onde pastar. O gando comerase soyo os pendós que hai nas milleiras. Estamos cansos de facer rogativas: a sequía é moi grande, non chove e as terras están apodrecidas...

—¡Verdade! ¡verdade!—dicía don Ambrosio—Tedes razón... Pero, bebede, ho. Non vos ofrezco mais que viño: pero ben sabedes que é do mellor que se colle no lugar. Estrévome á creer que compite có mais locido de Vilaboa e de Salcedo...

Os labregos bebían paseniñamente. Cando iban romatando suspendían a cunca na boca, e arguían a vista sobre a veira, ouservándose uns aos outros, como queréndose dicir algunha cousa. Mais dos seus beizos non saía senon unha gabanza do viño e unha frase d'agradecimiento para don Ambrosio.

Este seguía tratándoos agarimosamente. Faloulles do tempo e con rústica elocuencia fixolles ver que unha chuvia refrescante e abundosa viría á facel revivil a campía.

—Non pasarán moitos días—dicía el—sen, que choiva ¡xa veredes como a colleita se remedia! ¡Estades preocupados caray! Os homes deben de ser fortes...

Os labregos escoitábano sen saber que dicir: As palabras de

añago de don Ambrosio tiñan para eles o aolumiño d'un don, como a y'auga tena para os beizos agretados.

—¡Ay, señor!—dixo un—¿E vosté coida que virá a chuvia?.

—Sí, home, si. Non ha de tardar en vir por ahí unha nube negra, moi negra, que vai a ser unha ledicia e unha benzón. ¡Creedemo a min!

—¡¡Díol-o escoite!!—escramaron todos á vez.

E erguendose, despedirónse de don Ambrosio, que, sempre sorrindo, deulles á cada un unha palmada no lombo e acompañounos hastra a porta.

Baixaron a o patio, onde os agardaban seus compañeiros, que os asediaron á preguntas Ningún respondía. Co'a testa baixa sairon ao camiño, seguidos dos outros.

—¿Pero que vos dixo? ¿Perdónanos a renda? ¿Qué noticias traedes?—preguntaban a un tempo todos con impacencia.

E volvendose un dos comisionados con certo miestro, como si fose a dicir un segrado, respondeu:

—Pois, dixonos, que dentro d'algús días... choverá.

PRUDENCIO CANITROT.

## ¡GALEGO!

Cando as ruas do pobo estranxeiro y-estrano  
Miñas prantas percorren sin amor nin achego,  
Sinto sempre no peito—garimoso e lonxano,—  
O rumor d'un suspiro que me chama: ¡galegol!  
Un suspirar moi tenro. moi paseniño e brando  
Qu'alumea as nostalxias con fulxor de lostrego;  
Un suspiro moi tenro que falando, falando,  
Recórdame a ledicia de chamarme ¡galegol!  
Almiña, compañeira da miña musa celta,  
Xa que vives a vida qu'amoroso che entrego,  
Alenta no meu peito, sempre forte y-ergueita  
Á máxica armonía do meu amor galegol.  
Aluma, aluma as ruas d'ista estranxeira terra,  
Qu'as espiñas non firan istes pes sin achego;  
Eu sempre camiñando dend'o monte hasta serra  
Tí sempre com'un faro que me chama: ¡galegol!  
Pelegrino ou romeiro, nesta terra lonxana,  
Tí ben sabes, almiña, qu'o meu amor é cego;  
O sendeiro da vida sin teu fulxor se estrana,  
Mentras tí me alumees serei sempre ¡galegol!

Miguel Revestido.

Este número de  
"A NOSA TERRA,"  
foi sometido á censura

Tip. EL NOROESTE, Real, 26



Edificio do «Kiosco Alfonso» - Paseo de Méndez Núñez

## Kiosco Alfonso

Situado no centro do paseo de Méndez Núñez  
É o preferido do público. O mellor local de verano

## Gran Restaurant NO PISO ALTO

Fermoso Salón-Comedor

Luxosa instalación

Servicio esmerado

Cuberto: 4'50 pesetas

# NOVELTY

**Planchadeiro de moda - Grandes talleres**

DE LAVADO E PRANCHADO DE ROUPA NOVA E DE USO

*Despachos centrás:* A CRUÑA, Cantón Pequeno 12  
VIGO, Praza da Constitución, 12

*Sucursás na Cruña:* Estreita de San Andrés, 12

Praza de Azcárraga, 4-San Agustín, 22

*Sucursal en Vigo:* Circo núm. 5

Todal-as nosas sucursás ostentan un letreiro como sinal, que, reproducen a marca de garantía xa cohecida.

Recíbense encargos de fora, e-espídense por meio das nosas sucursás. Si no lugar onde vostede reside non-a hai, sírvase manifestarnos seus desexos de mandár os seus encargos.

Os viños e coñás millores  
os que exporta a casa PEDRO DOMEQO de **Xerez da Fronteira**, fundada en 1734. A casa máis antiga de Xerez.

O vermouh máis selecto  
de mundial e reconocida sonda é o **Cinzano** (Torino).

Para viños de mesa  
non hai outros com'os dos cosecheiros exportadores señores

**R. López de Heredia** (Haro)

Casa Central: PLAZA DA EQUITATIVA-MADRID

Representante exclusivo (matriculado) de todas estas marcas:

**JOSÉ C. JUNCOSA**

Galera 39 e 41 - 2.º piso-A Cruña

# BANCO HISPANO-AMERICANO

MADRID

Capital: 100 millós de ptas.

Dirección telegráfica: HISPAMER

SUCURSAES E AXENCIAS

Albacete, Alcoy, Alicante, Antequera, Badajoz, Barcelona, Bilbao, Cádiz, Calatayud, Cartagena, Cruña, Cabra, Cáceres, Castellón, Ejea de los Caballeros, Figueras, Granada, Gerona, Huelva, Huesca, Játiva, Jaén, Jerez de la Frontera, Logroño, Las Palmas, Lérida, Lorca, Málaga, Murcia, Olot, Palma de Mallorca, Pamplona, Ronda, Sevilla, Soria, Tanesa, Tudela, Valdepeñas, Valencia, Valladolid, Villafranca del Panadés e Zaragoza

Compra e venda de valores hespañoes e extranxeiros. — Custodia de alhaxas e valores. — Desconto e cobro de cupós, títulos amortizados e billetes de Lotería.

Troque, compra e venda de billetes e moedas extranxeiras. — Cartas de creto, e xiro sobre todol-os países. — Cobro e desconto de letras. — Préstamos e contas de creto sobre valores nacionaes e extranxeiros. — Contas correntes en pesetas nas que abona intreses aos tipos seguintes;

2	por	100	ao ano nas cartas disponibles,	â	vista.
2 1/2	por	100	id. id.	a	3 meses data.
2 3/4	por	100	id. id.	a	6 id.
3	por	100	id. id.	a	1 id.

Tamén abre contas en moeda extranxeira abonando intreses a tipos convencionaes.

# Banco Español del Río de la Plata

**Sucursal na Cruña - Casa matriz: BÓS AIRES**

FUNDADO EN 1886

Capital. . Pesos 100.000.000'00 m/ ou sexa Ptas. ouro 220.000.000'00

Fondo de reserva (incraida prima a recibir) Pesos 50.055.224'97 m/ ou sexa Ptas. ouro 110.121.797'93

Ten sucursaes nos puntos seguintes:

REPÚBLICA ARXENTINA: (Casa matriz, Bos Aires), ROSARIO DE SANTE FÉ, BAHÍA BLANCA e principais prazas da República

NO URUGUAY: MONTEVIDEO — NO BRASIL: RIO XANEIRO

EN EUROPA: MADRID, BARCELONA, VALENCIA, VIGO, BILBAO, A CRUÑA, SEVILLA, PARÍS, LONDRES, XÉNOVA E HAMBURGO

A Sucursal da Cruña encárgase de efectuar por conta dos seus-clientes toda crás de operaciós bancarias nas condicións máis favorabeis e acretará intreses nas contas correntes, tanto en pesetas como en moedas extranxeiras a tipos excepcionalmente ventaxosos

En conta corrente, intrés anual	2	por	100
En Caixa de Aforros, con libreta hasta 1.000 [ptas.,	3	»	»
En prazo fixo de tres meses	3	»	»
Idem id. 6 meses	3 1/2	»	»
Idem id. un ano	4	»	»
A máis prazo	convencional		

Dirección telegráfica y telefónica: SPAINBANK.

# Vida Marítima e Comercial



## Compañía Naviera "Stinnes" (Hugo Stinnes Linien) HAMBURGO

Servicio regular de vapores correios a os portos  
do **BRASIL, MONTEVIDEO e BOS AIRES**  
PROXIMAS SAIDAS DA CRUÑA

**GENERAL BELGRANO** 5 de Diciembre

Ademitindo carga e pasaxeiros de cámara, terceira especial e terceira ordinaria.

Precio en Cámara.....	Libras 42,10
Precio do pasaxe en terceira crás.....	422'60 ptas.
Idem en camarotes pechados.....	442'60 »
(Incruidos todol-os impostos)	

Os pasaxeiros deben solicitar as prazas co'a maior anticipación, presentándose n'esta Axencia CINCO DIAS antes da saída do vapor.

Para informes dirixirse ao Axente da Compañía:  
*Roxelio Fernández Conde.*—Feijóo, 4, baixo.—A Cruña.



## Sud-Atlántica Chargeurs Reunis

PROXIMAS SAIDAS

Para os portos do Brasil, Montevideo e Buenos Aires dos modernísimos trasatlánticos rápidos de 16.000 toneladas de desplazamento, 10.000 cabalos de forza e dous hélices,

**Precios en terceira crase (incluidos impostos)**

3 Diciembre	MEDUANA	Ptas. 412'60
8 Diciembre	EUBEE	Ptas. 412'60
22 Diciembre	GROIX	Ptas. 412'60
31 Diciembre	MOSELLA	Ptas. 412'60

Precios en primeira crase a Buenos Aires: 1.150 ptas.

En segunda crase a Buenos Aires: 888 ptas.

(Suxetos as variacións do cambio e sin impostos.)

**TERCEIRA PREFERENCIA**—En camarotes de 2, 4 y 6 camas, con comedores, salós de conversación e café cuberto, independentes. Precio n-esta clase: é o corriente de terceira mais un suplemento de 125 ptas.

**TERCEIRA EN CAMAROTE**—En camarotes de 2, 4 y 6 camas, con comedores, salós de conversación e cantinas: o precio de 442'60 ptas. incluídol-os impostos.

Remitiránse fotografías d'estas istalacións a quen as pida.

Facilitarán toda crás de informes os seus Axentes xenerais en Hespaña: **ANTONIO CONDE, FILLOS.**—Plaza de Orense, 2-A.—Telegramas y telefonemas *Chargeurs.*

## Lloyd Real Holandés

AMSTERDAM

SERVICIO POSTAL RAPIDO A AMERICA DO SUR

Próximas saídas da CRUÑA para *Pernambuco, Bahía, Río Xaneiro, Santos, Montevideo e Bos Aires.*

Precio en terceira crás  
(incruídos impostos)

Correo rápido <b>Orania</b>	8 Diciembre	442,60 ptas.
Correo rápido <b>Zeelandia</b>	22 Diciembre	432,60 ptas.

Ademiten carga e pasaxeiros de 1.<sup>a</sup>, 2.<sup>a</sup>, intermedia e 3.<sup>a</sup> crás. O vapor «Zeelandia» somentes ademite carga e pasaxeiros de 1.<sup>a</sup>, intermedia e 3.<sup>a</sup> crás.

Todos estos vapores teñen a disposición dos pasaxeiros que viaxan en terceira crás corrente, amplios comedores fixos, magníficos fumadores, cubertas resguardadas, cuartos de baño, duchas, etc., levando para servicio dos mesmos Camareiros, Enfermeiros e Cocinheiros hespañoles.

Nenos menores de 2 anos, gratis; de 2 a 10, medio pasaxe; maores de 10, pasaxe enteiro. Para cumprimentar as disposicións argentinas é indispensable que todo pasaxeiro presente a documentación con CINCO DIAS de anticipación á data de saída do vapor.

Para precios de cámara e prazas disponibles o Agente general da Compañía en Hespaña: **D. RAIMUNDO MOLINA E COUCEIRO**, Consignatario. Representante xeneral da Compañía en Hespaña.—Marina, 22.—A Cruña.

## Sobriños de José Pastor BANQUEIROS

Casa fundada en 1776

A Cruña, Vigo, Lugo e Orense

Almacés de ferros, aceiros, metás, ferramentas e toda crás de ferretería

## Fernández, Torres y C.<sup>ñía</sup>

Casa central: **A CRUNA**

Linares Rivas, núm. 12

SUCURSAL: Cantón Pequeno, 9 e 10

Teléfonos... { Urbano 75 e 78  
                  { Interurbano 49

VIGO

Urzáiz, número 1      Teléfono 253